



BASES DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE FACHADAS DE VIVENDAS DE OURENSE – NADAL 2020

PRIMEIRA. Obxecto

Co fin de incentivar a participación cidadá na decoración de luces e adornos de Nadal nas fachadas das vivendas, contribuír ao ambiente festivo nas rúas durante o Nadal 2020 e promover a creatividade, Viaqua, coa colaboración e asesoramento do Concello de Ourense, convoca o **I Concurso de Decoración de Fachadas de Vivendas Ourense Nadal 2020**, conforme ás presentes bases.

O texto íntegro das bases publicarase na páxina web municipal do Concello de Ourense e na de Viaqua.

SEGUNDA. Requisitos

Poderán participar todos aqueles veciños de Ourense que decoren as fiestras, balcóns ou fachadas das súas vivendas, tanto en edificios de vivendas multifamiliares como de vivendas unifamiliares situadas no termo municipal de Ourense. A decoración deberá ser instalada antes do día 25 de decembro. Só poderá presentarse ao concurso un único proxecto por vivenda.

As fachadas participantes disporán da súa propia iluminación e/ou decoración nas condicións que permitan visualizar claramente o espazo decorado no seu conxunto polo público en xeral.

As rúas onde se sitúen as decoracións serán publicadas nos medios do Concello para que poidan ser contempladas por quen queira visitalas. Omitirase na publicación calquera referencia a datos persoais dos participantes no concurso.

TERCEIRA. Temática

O motivo e a temática da decoración dos balcóns, fiestras ou fachadas será única e exclusivamente o Nadal, incluíndo beléns ou calquera outro tipo de decoración interior que poidan ser vistos dende o exterior. Valorarase o uso de materiais reciclados e a referencia ao recurso auga nestas decoracións.

A decoración nas fachadas, balcóns e ventás non debe causar ningún perigo para as persoas e os bens. As decoracións deberán estar instaladas dende cando menos o 24 de decembro, manténdose ate o 8 de xaneiro, ambos inclusive.



CUARTA. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

Todos os interesados deberán realizar a súa correspondente inscrición a través de:

- concursofachadasnadal@ourense.gal

Cos seguintes datos:

- Nome e apelidos e DNI do participante
- Teléfono e email
- Vivenda participante con enderezo, rúa e número do lugar exacto onde se realiza a decoración de Nadal
- Tres fotografías, en posición horizontal, da decoración exterior da vivenda, onde se aprecien ben os elementos que a forman. Poden enviarse fotografías tanto diúrnas como nocturnas, no caso de incluír iluminación de Nadal.

O prazo de inscrición é do 1 ao 25 de decembro.

QUINTA. Xurado

O xurado estará composto por:

- Un representante do Concello de Ourense
- Dous representantes das Asociacións de Veciños de Ourense
- Un representante de Viaqua

O xurado poderá visitar, dende o exterior, as decoracións seleccionadas como finalistas desde o día 24 de decembro ao 8 de xaneiro.

Puntos a valorar: máximo 100 puntos

1. Orixinalidade: 30 puntos
2. Calidade do deseño: 30 puntos
3. Uso de materiais reciclados: 20 puntos
4. Iluminación: 10 puntos
5. Referencia á auga na decoración: 10 puntos

No caso de empate, o premio repartirase proporcionalmente entre os gañadores. Os premios poderán ser declarados desertos. A decisión do xurado será inapelable, reflectíndose nunha acta estendida ao efecto e asinada por tódolos seus membros. Todas as fachadas que a hora de realizar a visita polo Xurado non estiveran arranxadas, de acordo coas bases deste concurso, quedarán eliminadas automaticamente.



O fallo do xurado darase a coñecer a través dos medios de comunicación, na páxina web do Concello de Ourense, na que Viaqua, nas correspondentes redes sociais, ademais, será comunicado polo correo electrónico ou chamada telefónica aos galardoados.

SEXTA. Premios

Establécense os seguintes premios:

- Primeiro premio: 1.500 €
- Segundo premio: 500 €
- Terceiros premios para decoración de fachadas, fiestras e/ou balcóns en edificios de vivenda colectiva: 2 premios de 500 € cada un
- Terceiros premios para fachadas, fiestras ou vivendas unifamiliares: 2 premios de 500 € cada un.

A forma de aboamento dos premios realizarase mediante transferencia bancaria.

O importe dos premios virá minorado por unha retención do 19% en base ao establecido no artigo 101.7 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

SÉTIMA. Veredicto

O resultado darase a coñecer a través dos medios de comunicación do Concello. A publicación dos premios farase o día 31 de decembro de 2020 e a súa entrega días despois se as condicións sanitarias o permiten, no salón de actos do Concello de Ourense. No caso contrario, entregaranse os premios de forma privada aos gañadores.

OITAVA. Compromiso

A inscrición no concurso implica a autorización para tomar fotografías e gravacións por medios audiovisuais as cales poden ser difundidas en publicacións locais, rexionais ou nacionais.

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases e o sometemento expreso das decisións interpretativas que das mesmas efectúe a organización. A organización reservase o dereito a descartar aos participantes que incumpran as mesmas e, especialmente, calquera participación que vaia en contra destas bases.

Coa aceptación destas bases os participantes comprenden os termos e condicións das mesmas e comprométense a cumprir coa normativa vixente que poida resultar da aplicación a este respecto, de modo que polo simple feito de



Concello de
OURENSE



participar no concurso están prestando o seu consentimento a someterse ás bases e a legalidade de forma total e irrevogable.

A manifestación en contrario do participante, independentemente de en que momento se realice , implicará a autoexclusión do concurso e a liberación da organización de calquera compromiso adquirido co participante.

Calquera imprevisto non contemplado nestas bases será resolto pola organización.

NOVENA. Lexislación aplicable e xurisdición

A lei aplicable no presente concurso será a española.

Para a resolución de calquera controversia ou discrepancia que poida xurdir en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, á organización e aos participantes no concurso, sométense expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Ourense, con renuncia expresa ao foro que puidera corresponderlles.

De conformidade co indicado na Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os participantes quedan informados das seguintes cuestións:

Os responsables do tratamento de datos dos participantes son Viaqua e o Concello de Ourense, para as actuacións que cada un deles realice en relación co concurso.

A finalidade do tratamento é a xestión e desenvolvemento do concurso conforme ás presentes bases.

A base lexítima que sustenta o tratamento é o consentimento que presta o titular ao participar no concurso con previo coñecemento das bases reguladoras.

Poderán realizarse fotografías dos gañadores e publicalas en medios de comunicación e redes sociais do Concello, así como nas canles de comunicación, redes sociais e materiais de difusión de Viaqua. A finalidade da imaxe será en todo caso divulgativa e informativa do evento para a entrega de premios. Os titulares poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición ante Viaqua e o Concello de Ourense, sen prexuízo do seu dereito á formulación das reclamación que estimen oportunas ante a Axencia Española de Protección de Datos.